

# GRIAL

115

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXX / 1992

## AMÉRICA: DESCUBRIMENTO E OLVIDO

HERNÁN NEIRA:

A difícil latinidade de América Latina.

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ MORENO:

América Latina: un novo "Canto General".

ENRIQUE LYNCH:

O descubrimento como ensaio xeral.

HERNÁN NEIRA:

É como se vivisemos a fin da modernidade. (Entrevista con Alain Touraine a propósito do 5.º Centenario).

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS:

Immigración e galeguismo en Cuba (1879-1939).

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN:

*Galván en Saor*. Un exercicio de esquizofrenia narrativa.

MANUEL TABOADA:

Algúns aspectos da Política Lingüística Galega.

XOSÉ VICENZO FREIRE LESTÓN:

Aproximacións a un estudio da vida cotiá da muller labrega na Galicia contemporánea (1868-1930).

## O enterro da galiña de Domitila Rois

- HELENA VILLAR JANEIRO. *O enterro da galiña de Domitila Rois*. Galaxia, Vigo, 1991.

*O enterro da galiña de Domitila Rois* é o libro de narrativa máis recente de Helena Villar. Contén nove contos que na nosa opinión demostran o cumio da produción literaria desta autora ata agora. Os textos, entre si de diversa temática, non embargantes teñen un aspecto en común que podería definirse fundamentalmente como unha penetración moi profunda na mentalidade do personaxe principal ó tempo que se mantén un aparente afastamento, unha ollada que se sente externa a ese mesmo personaxe. A voz narrativa de moitos destes contos adquire, portanto, unha multidimensionalidade e dotes de análise que testemuñan o coidado artellamento da trama e, máis aínda, unha capacidade para retratar ós actantes que vén da experiencia que ten esta autora galega de manexar o seu idioma con respecto e compromiso cultural.

Sentímonos tentados a afirmar —sen que se queira manifestar que haxa feminismo— que os relatos levan claramente a pegada da súa autoría feminina. Con isto quérese dicir que atopamos neles un verdadeiro desfile de personaxes femininos cunha gamma de rasgos psicolóxicos que só, ou máis a miúdo, son decatados polas mulleres. Ou hai acondicionamentos que só lles dan importancia (e aínda así inconscientemente) as mulleres que os experimentan. De aí a textura das narracións como “O sesenta cumpreanos de Maximiliano Aldán”, “¿Como o título?”, “Unha nova visión de Acacia Holgado”, “Carta do meu editor”, “Metamorfose” e de maneira sobranceira, “O enterro da galiña de Domitila Rois”. Insistimos no feito de que tanto ou máis que os diálogos (ou monólogos) dos personaxes, deixa a súa marca nos lectores a voz que narra as circunstancias, que revela desde esa postura, a cabalo entre simpatizante e obxectiva, o feito que na realidade resulta ser unha gran traxedia, pero que é trivializada polos circundantes, se non é silenciada, sublimada, rexeitada por eles. Adoitan estruturarse os relatos arredor duns sucesos cotiáns que entran no mundo do case-fantástico ó seren presentados na súa verdadeira significación. Do intranscendente ou do ridículo, do fogar ó profesional, hai só un paso, que depende dun facer que nos preguntemos polas causas e polos efectos dunha realidade determinada. Aínda que poidan xogar un papel o grotesco ou a violencia (“O neno do gato”), non son momentos tan logrados como “¿Como o título?” ou “Unha nova visión de Acacia Holgado”. Quizais sexa porque a autora acada maior sensibilidade nos personaxes femininos, e nestes o grao de revelación desa sensibilidade é aínda maior cando non ten tanta presenza unha figura masculina opresora. “Carta do neno”, por exemplo, retrata o rapaz e a nai desde o seu silencio e soidade, é case un negativo dunha fotografía real. A figura do curmán que vén usurpar o lugar do pai é

conxelada pola promesa dunha vinganza futura, totalmente xustificada. O efecto xeral destas nove narracións é o dunha serie de miniaturas ou de viñetas da vida real, literaturizada por unha visión que as sabe valorar.

Nótanse tamén os motivos recorrentes que prestan certa vinculación ós textos. Subliñamos en primeiro lugar os animais e en segundo lugar, as protagonistas escritoras. Unha das características da psicoloxía feminina, segundo certa crítica ecofeminista, é a súa conexión co mundo, coas relacións persoais e coa intrahistoria. Os contos de Helena Villar efectivamente teñen unha base moi forte nas historias que non se escriben, nin se contan, nun saber que non chegou a tomarse como tal por ser da vida cotiá, e como no conto que dá título ó libro, nun "(con)texto" vital que non se sabe se o público o soubo ler cando o protagonista llo expuxo con toda honestidade e sinceridade: o da sexualidade e a soidade da muller. Dun xeito que merecería un futuro estudio, as relacións —tan tenuemente tracexadas— entre mulleres (ou nenos) e animais, suxiren unha afinidade mutua, unha amizade natural e instintiva (que non primitiva), sinxela, que é modelo *implícito* para as relacións entres homes —pais, tíos, maridos, avós— e mulleres, porque na actualidade son relacións que ou non existen ou son degradadas. Á ausencia dun tipo de relación e a presenza da outra si fai unha narrativa de certo corte feminista que xamais gasta retórica nin ataques. Fala o modelo de modo moito máis elocuente.

Así, nomes como Domitila Rois, Acacia Holgado e Catarina Varela chegan a representar para nós tipos de muller, tipos de experiencias, de vidas solerminas, incomprendidas ou desperdiciadas que converten unha pequena trama en concreto nunha con significado máis amplo. Os lectores deben ler con coidado este fato de relatos; só así se abrirá ese mundo do diario facer, do intrascendente que fai dunha vida un éxito ou un fracaso. O escenario é a casa ou unha oficina, o protagonismo pertence a mulleres e nenos na meirande parte dos contos, e desde a súa marxinalidade representan o ser que é obrigado a desenvolver a súa capacidade de observación e resistencia. Resistir, á súa vez, pode significar soñar, esquecer, calar, obedecer, ata tornarse protagonista dunha obra de teatro (como Domitila Rois), pero isto non quere dicir nunca deixarse vencer. O ton sinxelo, natural, dun relato como "Campanario de pombas" asulaga os feitos da guerra civil (xa moitas veces contadas de maneira realista) para enfocar a posguerra lonxana e o novo encontro dos noivos separados por seren de familias de bandas contrarias. O que sacrifica este conto en compromiso político, vaino recuperar no respecto que demostra pola necesidade de amor das persoas anciás. Nestes mecanismos atinguídos por diversos personaxes para non seren borrados da trama, para non seren superados por ela, e na outra perspectiva frecuente, a da colectividade, vemos a mestría de Helena Villar.

KATHLEEN N. MARCH

### “Pasarán más de mil años...”

- MIGUEL SUÁREZ ABEL. *Sabor a tí*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1991.

Caía o muro de Berlín e os fogares españois conmovíanse coas peripecias de Cristal; agora que desapareceu o sistema soviético e as súas cinsas foron es-